

CHANTADA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2013**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data 11 de xuño de 2013, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2013, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

En Chantada a 12 de xuño de 2013.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez

R. 2436

LUGO*Anuncio*

O Exmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día tres de xuño de dous mil trece, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza sobre Conservación, Rehabilitación e Estado Ruinoso das Edificacións.

O dito expediente queda exposto no Servicio de Urbanismo-Negociado de Disciplina Urbanística, así coma no Taboleiro de Edictos para información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo formular contra o mesmo os interesados, por escrito e ante a corporación, as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, quedará definitivamente aprobada e entrará en vigor os quince días hábiles da súa publicación completa do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorridos os prazos previstos no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lugo, 10 de xuño de 2013.- O ALCALDE, P.D.: O Tenente de Alcalde-Delegado da Area de Urbanismo (Decreto de Alcaldía 13004761 de 15/05/13) Luis Manuel Alvarez Martínez

R. 2403

*Anuncio***Expediente de infracción urbanística nº 47/2007 incoado a don José Cabado Teijeiro.**

Ante a imposibilidade de notificar a don José Cabado Teijeiro no último domicilio coñecido en San Vicente do Burgo, de conformidade co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise pública a notificación do Decreto número 891/2013 do 5 de febreiro, no que se resolveu o procedemento de restauración da legalidade incoado pola realización de obras sen licenza municipal; cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

PRIMEIRO.- Ordenar a don José Cabado Teijeiro, que no prazo de UN MES proceda á DEMOLICIÓN das obras feitas en San Vicente do Burgo (polígono 192-Parcela 90), consistentes en "instalación de caseta prefabricada", vistas as anteriores consideracións xurídicas e en cumprimento do disposto nos artigos 209.5 da LOUGA e 54.2 do RDUG.

E isto coa advertencia de que, en caso de incumprimento da anterior orde, procederase por este Concello á execución subsidiaria da mesma ou a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha (arts. 209.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural e 95 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

SEGUNDO.- O disposto nos apartados anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan tal e como dispón o artigo 209.7 en relación co artigo 216.2 da LOUGA.